



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE MACEDA PARA AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS DA PENA, DA CRUZ, DO PERIGO E DA TRAVESÍA DO BURATIÑO NO NÚCLEO DE MACEDA.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Maceda, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan hURBE 2014-2017**). Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2017 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Maceda o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2018.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Maceda, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no **“Acondicionamento das rúas da Pena, da Cruz, do Perigo e da travesía do Buratiño no núcleo de Maceda”**.





5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Maceda (Ourense) trata de promover unha actuación consistente no **“Acondicionamento das rúas da Pena, da Cruz, do Perigo e da travesía do Buratiño no núcleo de Maceda”**.

Constitúen obxectivos do Plan *h*URBE, entre outros, os de:

- Promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica, medioambiental e social.
- Fomentar a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico dos núcleos urbanos das vilas e tamén, no seu caso, dos núcleos rurais do territorio galego.

Para o cumprimento destes obxectivos, a Xunta de Galicia promoverá a execución de equipamentos urbanos municipais, có fin de dotar aos concellos dunha adecuada oferta de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, co fin de mellorar a calidade vida dos seus cidadáns e do público en xeral.

Promoveranse todas aquelas actuacións orientadas a mellorar a seguridade viaria e peonil, a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, co fin de mellorar o benestar dos veciños.

Fomentarase, así mesmo, a conservación e recuperación de espazos públicos, coa finalidade da súa posta en valor como espazo social, cultural e economicamente activo. Pretendese o acondicionamento de catro rúas dentro do ámbito do núcleo urbano moi transitadas polos veciños da vila, que presentan un estado dos seus pavimentos moi deteriorados e escasas ou nulas infraestruturas de servizos acordes coas que a sociedade en xeral demanda na actualidade.

Polo tanto, as actuacións a realizar nas rúas descritas ao amparo do presente convenio, en síntese son as seguintes:

- Demolición de pavimentos existentes
- Movemento de terras
- Nova pavimentación con adoquín, pedra ou formigón segundo os casos
- Rede de pluviais (nova rede e ou substitución da existente)

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por





Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2017. María Encarnación Rivas Díaz,
Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

